

A FORMACIÓN RECIBIDA PARA ENSINAR EN GALEGO: VALORACIÓN DO PROFESORADO¹

Eduardo José Fuentes Abeledo
Universidade de Santiago de Compostela
Mercedes González Sanmamed
Universidade da Coruña
Fernando Iglesias Amorín
M^a Carmen Santos González
Emilio J. Veiga Río
Universidade da Coruña

RESUMEN

Presentamos os resultados dun estudo realizado para coñecer as valoracións que realizan os docentes de Infantil e Primaria de Galicia sobre a formación que se lles ten ofertado en lingua e cultura galegas. A investigación realizouse a través dun cuestionario no que lles pedíamos a súa opinión sobre diversos aspectos organizativos da formación en galego (institucións organizadoras, axentes de formación, avaliación realizada, ...), así como do que aprenderon a través dos contidos desenvolvidos.

Palabras clave: Formación do profesorado, avaliación da formación, organización e xestión da formación en exercicio, ensino en galego, lingua e cultura galegas.

ABSTRACT

This article shows the research outcomes of a study addressed to know what Primary and Secondary teachers think about the offer of Galician language and culture training activities they have received. Data were collected through the application of a questionnaire in which opinion about different organizational issues of training in Galician (organizational institutions, training agents, assessment system ...) was asked and also questions related to their learning achievements through the study of contents were inquired.

Key words: Teacher's training, training assessment, in-service training organization and management, teaching in Galician, Galician language and culture.

1. INTRODUCCIÓN

Galicia ten unha lingua e cultura específicas, que tras diversas vicisitudes ó longo da historia, constitúe hoxe en día unha das expresións máis xenuínas da súa identidade.

¹ O estudo que estamos presentando foi subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Trala Constitución do Estado Español de 1978 na que se establece a nova ordenación xurídico-política das autonomías, no 1981 promúlgase o Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se institúe o galego como lingua propia de Galicia, e polo tanto o dereito de coñecelo e usalo en tódolos ámbitos..

Coa Lei de Normalización Lingüística, aprobada en xuño de 1983, desenvólvense as disposicións recollidas no Estatuto e, concretamente, regúlanse os dereitos dos cidadáns para usar o galego, en especial nos eidos da Administración, do ensino e a cultura e dos medios de comunicación.

A Administración Autonómica Galega en resposta ás disposicións legais de normalización do galego pon en marcha diversas iniciativas de sensibilización, dinamización e formación para o uso do galego tanto no plano individual como no colectivo, que se van canalizar a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.

O ámbito no que se concentraron maiores esforzos foi no ensino, entre outras razóns pola imperiosa necesidade de contar a moi curto prazo con profesorado preparado para impartir o galego coma materia escolar e, tralo decreto publicado en 1988 (posteriormente saíron outras normativas), outras materias do currículo de Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e FP; e sobre todo, para normalizar o se uso como lingua de comunicación nos centros escolares.

2. A FORMACIÓN DO PROFESORADO EN LINGUA E CULTURA GALEGAS

No artigo 17.1 da Lei de Normalización Lingüística, sinálase que “Nas Escolas Universitarias e demais centros de formación do profesorado será obrigatorio o estudo da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán conquistar a capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos da presente lei. No Decreto 135/1983 no que se desenvolven algúns aspectos da citada LNL, afirmase que “As autoridades educativas promoverán, por medio de cursos ou calquera outro sistema, a formación e especialización do profesorado en Lingua, Literatura e Cultura galegas.

Así pois, recoñecía-se que para favorecer o proceso de normalización lingüística e garantir o cumprimento da normativa establecida, era necesario contar cun profesorado cualificado e preparado en galego. As medidas adoptadas foron múltiples e diversas, tanto as dirixidas a cualificar ó profesorado que xa estaba en exercicio coma ós que se estaban formando. Para asegurar a formación en galego de todos os futuros profesores, se incorporaron dúas materias de galego ós estudos de Maxisterio. E, para o profesorado que xa estaba impartindo docencia, a Administración Educativa e, especialmente, a Dirección Xeral de Política Lingüística, púso en marcha unha oferta de formación en galego artellada en tres niveis: Iniciación, Perfeccionamento e Especialización. Tamén se imparte formación en galego nas Escolas Oficiais de Idiomas, cunha estrutura organizada en dous ciclos: un elemental, de tres cursos e outro superior, de dous cursos. Ademais de esta oferta formativa, tamén se estableceu un sistema de homologación e convalidación de cursos realizados en outros organismos como asociacións, sindicatos, etc...

A rede de formación propiciada pola Dirección Xeral de Política Lingüística e xestionada dende os Servicios de Normalización Lingüística creados en cada unha das Delegacións Provinciais de Educación, organízase en base a tres tipos de accións: os cursos, os Seminarios Interdisciplinares de Lingua Galega e as Xornadas de Lingua Galega.

No informe traballo presentado por Arza, Campos, Veiga e Rubal (1990) faise unha análise dos programas de formación ofertados desde a Dirección Xeral de Política Lingüística e dos cursos realizados no período 1983-85 e 1986-87. Segundo os datos recollidos no informe elaborado por Rubal, González Sanmamed e Palacios (1995), entre 1983 e 1989, a DXPL organizou 392 cursos nos que participaron 16.967 profesores. Nun informe presentado pola Dirección Xeral de Política Lingüística sinalábase que desde o ano 1990 ó 1999, organizáronse 733 cursos para o profesorado de ensino non universitario (305 de Iniciación e 428 de perfeccionamento) nos que participaron 22.000 docentes, de xeito que se afirmaba que o 98% do profesorado dispoñía da formación lingüística requirida para ensinar en galego. Respecto a outras modalidades formativas, neste mesmo informe sinalábase que entre 1995 e 1999 se celebraron 120 seminarios e encontros para o intercambio de experiencias normalizadoras do idioma galego no ensino ós que acudiron un total de 3.560 profesores.

A magnitude e transcendencia das actuacións de formación e promoción do galego ás que nos estamos a referir recomendan unha análise do realizado e, sobre todo, das repercusións reais que suscita. É preciso non só detectar os posibles erros, senón tamén as lagoas (ámbitos ou colectivos non atendidos) e as ausencias (tanto no nivel dos contidos coma no da metodoloxía) das iniciativas utilizadas. Neste senso convén recordar as advertencias sobre a “falta total de avaliación que se está a producir en tódolos puntos da xestión normalizadora” (Bouzada e Lorenzo, 1997, p. 137).

Efectivamente, desde a formación de profesorado, sinálase a necesidade de avaliar as accións, programas e plans de formación non só para coñecer como están funcionando, senón tamén para valorar o grao de consecución dos obxectivos previstos, a coherencia dos compoñentes establecidos, valorar as desviacións que se produciron, as reaccións e os progresos dos participantes, en definitiva, analizar a efectividade e o impacto da formación, identificando os elementos a mellorar e a utilidade dos procesos formativos (Cabrera, 2000, Jiménez, 1999; Mateo, 2000; Villa, 1996).

No estudio coordinado por Villar Angulo (1996) no que se realiza unha análise –e nalgúns casos avaliación- dos plans e accións de formación permanente en varias comunidades españolas, utilizan os seguintes indicadores ou elementos: axentes, condicións, participantes, deseño, execución, tendencias e modelo avaliativo. Estes van a ser algúns dos conceptos nucleares que nos tamén adoptamos para o estudio que presentaremos seguidamente.

No estudio citado anteriormente (Villar Angulo, 1996), os diversos autores que presentan o panorama do realizado na súa comunidade autónoma en materia de perfeccionamento docente, reclaman a necesidade de realizar avaliacións periódicas e sistemáticas da política educativa de formación en exercicio e de cada un dos programas e actividades que se desenvolven. A través de esta vía podería debuxarse mellor o contexto e as condicións actuais e vislumbrarse as medidas que habería que tomar. Desde unha perspectiva avaliadora, neste traballo recolleemos a valoración que realizan os profesores e profesoras de Infantil e Primaria da formación ofertada en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino.

3. METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN

A consideración do noso obxecto de estudio e a pretensión de conseguir unha información xeral e referida a un gran número de suxeitos, aconsellou a utilización da técnica do cuestionario como procedemento de recollida dos datos.

A investigación subvencionada comprendía máis aspectos dos que reseñaremos aquí, xa que nos centraremos sómente no apartado referido á valoración da formación ofertada sobre a lingua e cultura galegas e o galego no ensino.

3.1. Obxectivos do estudo

Para o apartado que presentamos neste traballo pretendíamos responder ós seguintes obxectivos:

- Identificar e valorar as actuacións desenvolvidas para a formación e promoción do galego.
- Detectar e analizar as deficiencias, erros e ausencias que se produciron nas actuacións desenvolvidas no período 1990-2000.
- Recoller as opinións do profesorado sobre diversos aspectos organizativos e académicos das diversas actividades de formación sobre o galego nas que participaron.
- Valorar o impacto formativo e, especificamente, as aprendizaxes acadadas nas actividades de formación sobre o galego.

3.2. Elaboración e aplicación do cuestionario

O cuestionario que aplicamos constaba de cinco apartados, un deles referido ás características da formación recibida en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino. A través de diversos ítems preténdese debuxar un panorama da formación recibida (sobre a súa organización, financiamento, lugar de realización, temporalización e avaliación). En tres ítems pídese unha valoración concreta dos aspectos máis destacados respecto o seu deseño, desenvolvemento e impacto-resultados obtidos. Tamén lles pedimos unha valoración específica dos contidos ofertados na formación que recibiron. Finalmente, indagamos sobre as razóns para non participar nas actividades de formación en lingua galega. Cada ítem puntuábase cunha escala Likert de 4 puntos. A aplicación dos cuestionarios realizouse entre abril e maio do 2001.

4. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA

A aplicación dos cuestionarios realizouse seguindo a mostraxe aleatoria estratificada. Do total da poboación de referencia foron seleccionados 196 centros, que representa o número de entrevistas cun 5% de erro máximo ó 95 % de intervalo de confianza e cunha proporción estimada do 15%. En función do número de centros de Infantil e Primaria da comunidade galega, seleccionáronse 164 centros públicos e 31 centros privados. Unha vez elixido o número de centros públicos e privados procedeuse para cada un destes grupos a selecciona-lo número de centros en función da provincia e tipo de centro.

4.1. Distribución dos participantes por provincias

As porcentaxes acadadas (Figura 2) son moi semellantes á distribución das unidades escolares de infantil e primaria por provincias (Figura 1). Efectivamente, a maior porcentaxe corresponde á provincia da Coruña. Observamos certa diminución na porcentaxe de Pontevedra debida ás dificultades na aplicación dos cuestionarios e, especialmente a que a maior mortandade da mostra aconteceu nesta provincia. As porcentaxes acadadas para Lugo e Ourense axústanse perfectamente coas que reflicte a distribución por unidades nestes niveis educativos.

Figura 1. Unidades escolares Infantil e Primaria por provincias





Figura 2. Distribución da mostra de profesorado de Infantil e Primaria por provincias




4.2. Distribución dos participantes segundo a situación do centro

As porcentaxes do profesorado que está emprazado en centros urbanos e rurais é semellante (Figura 3). A pesar do descenso da poboación que afecta en maior medida á zona rural, Galicia segue a ser un país cunha poboación rural considerable. Non podemos esquecer, por exemplo, o importante número de escolas unitarias que seguen funcionando –sobre todo en Infantil, e na súa maioría en zona rural-.

A porcentaxe acadada polos docentes que exercen en centros situados en vilas (24,2%), aínda que menor, resulta suficientemente representativo.


Figura 3. Distribución da mostra por situación do centro



4.3. Distribución dos participantes por sexo

Segundo as porcentaxes acadadas as 3/4 partes da mostra son mulleres (Figura 4). Estes datos veñen a coincidir coas características do profesorado segundo o sexo nestes niveis educativos de Infantil e Primaria. Hai un 0,7 % de casos perdidos referidos a 9 cuestionarios nos que se deixou sen marcar esta variable.

Figura 4. Distribución da mostra por sexo




4.4. Distribución dos participantes por idade

Se consideramos as dúas alternativas con máis porcentaxe diremos que máis da metade do profesorado (63,8 %) sitúase entre 35 a 54 anos. Contamos pois, cun profesorado que dispón dunha certa estabilidade e que aínda vai ter por diante unha longa traxectoria profesional ata o horizonte da xubilación (Figura 5).

As porcentaxes dos tramos de idade inferior (de 25 a 34 anos) cun 16,5 % e superior (máis de 54 anos) cun 18,5 % son similares. Finalmente, a porcentaxe que representa ó profesorado de menos de 25 anos (1,1 %) é moi escasa. Hai 19 casos perdidos motivados pola ausencia de resposta nesta variable.

Figura 5. Distribución da mostra por idade



5. RESULTADOS: VALORACIÓN DA FORMACIÓN RECIBIDA EN LINGUA E CULTURA GALEGAS E SOBRE O GALEGO NO ENSINO


Seguidamente presentaremos os resultados acadados nos items do cuestionario referidos a valoración que realiza o profesorado sobre a formación recibida sobre lingua e cultura galegas e o galego no ensino.

5.1. Actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino realizadas no período 1990 - 2000

O período analizado comprende a última década dos noventa. Observamos que algo máis da metade do profesorado realizou entre 1 e 5 actividades de formación durante este período (Figura 6).

Resultounos sorprendente e preocupante que o 32 % dos docentes non tiveran feito nesta última década ningunha actividade de formación referida ó galego.


Figura 6. Actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino realizadas no periodo 1990-2000



5.2. Financiamento das actividades de formación

As porcentaxes son inequívocas: algo máis das tres cuartas partes do profesorado indica que as actividades de formación que realizou estaban totalmente subvencionadas. A porcentaxe dos que tiveron que financiar a formación (8,7 %) ou dos que recibiron unha gratificación por formarse (1,4 %) son moi escasas. Só un 13,2 % sinalou que as actividades ás que asistiron estiveron parcialmente subvencionadas (Figura 7).

Figura 7. Financiación das actividades de formación



5.3. Institucións organizadoras da formación

Algo máis da metade das actividades de formación estiveron organizadas polos Centros de Formación e Recursos (Figura 8). Efectivamente, se esta é a institución encargada en Galicia da

formación continua do profesorado, parece lóxico que asuma unha responsabilidade importante na formación que se organiza sobre o galego.

Os Gabinetes de Normalización Lingüística teñen desenvolvido tamén unha función importante na promoción, formación e difusión do galego, e non só -exclusivamente- no ámbito escolar.

A terceira institución que acada máis valoración é a universidade. As porcentaxes das demais institucións e organismos resultaron semellantes, excepto a relativa ás actividades formativas organizadas por asociacións profesionais.

Figura 8. Institucións organizadoras da formación

INSTITUCIÓNS	n	%
Os CFRs	458	51.1
Gabinete de normalización lingüística	440	49.1
Universidade	93	10.4
Movimentos de renovación pedagóxica	79	8.8
Sindicatos	76	8.5
Asociacións profesionais	31	3.5
Asociacións culturais	89	9.9
Concellos	74	8.3

5.4. Personal que impartiu a formación

En consonancia co anterior, foron os asesores dos CEFORES (43,3 %) e os membros dos Gabinetes de Normalización Lingüística (38,8 %) os que maioritariamente, impartiron as actividades de formación. A terceira porcentaxe máis alta corresponde ó profesorado de Secundaria (28,7 %) e seguidamente ó de Universidade (21,8 %) e ó de Primaria (18,6 %).

Entre o colectivo que menos participou como relator nas actividades de formación están os inspectores (5,3 %) e os docentes de Infantil (6,7 %) (Figura 9).

Figura 9. Persoal que impartiu a formación

PERSOAL	n	%
Asesores dos cefores	383	43.3
Responsables dos gabinetes de normalización ling.	343	38.8
Profesorado de infantil	59	6.7
Profesor de primaria	164	18.6
Profesor de secundaria	254	28.7
Profesorado de universidade	193	21.8
Inspectores	47	5.3

5.5. Horario das actividades de formación

A gran maioría (72,2 %) das actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino desenvolvéronse fóra do horario de dedicación ó centro, é dicir, unha vez finalizada a actividade lectiva e académica (titorías, reunións de planificación, ...) (Figura 10). Isto significa que as persoas participaron nestas actividades a costa dunha ampliación do seu horario de traballo e, polo tanto, repercutiron nun descenso do seu tempo persoal, familiar, de ocio, etc.

En torno á cuarta parte das actividades desenvolvéronse ó finaliza-las clases e dentro do horario de dedicación ó centro. Seguramente se trata daquelas actividades referidas á formación no propio centro a través de modalidades como grupos de traballo ou seminarios, proxectos de innovación, etc.

As porcentaxes das outras alternativas son insignificantes: só en casos moi puntuais se organizaron actividades formativas en fins de semana ou períodos de vacacións -mencionaremos como excepción o verán no que o volume de actividades aínda que escaso é comparativamente superior-.

Figura 10. Horario das actividades de formación


HORARIOS	n	%
Ó rematar as clases, no horario de dedicación o centro	276	30.7
Fóra do orario de dedeicación o centro	649	72.2
En fins de semana	63	7.0
En vacacións de nadal	4	0.4
En vacacións de semana santa	1	0.1
En vacacións de verán	61	6.8
En periodo sabático	13	1.4

5.6. Lugar no que se realización as actividades formativas

A metade das actividades de formación realizáronse nas capitais de provincia: se ben esta decisión aparece xustificada por se-las grandes cidades nas que se concentra un gran número de profesorado (tanto o que imparte a súa docencia nos centros alí situados coma os que teñen alí fixada a súa residencia), habería que apostar por unha descentralización que permitira unha maior contextualización coa formación, máis aínda no caso que nos ocupa no que os elementos culturais, etnográficos, sociolingüísticos..., poden resultar determinantes en calquera iniciativa (Figura 11).

O reparto nas outras dúas alternativas xeográficas: comarca e concello, alcanza unhas puntuacións semellantes.

Figura 11. Lugar no que tiveron lugar as actividades formativas



As actividades realizadas no propio centro obteñen a puntuación máis baixa: trátase de modalidades formativas menos extendidas (tanto no que respecta ás convocatorias financiadas como á propia iniciativa do profesorado) e nas que o número de participantes vai ser menor que nas modalidades clásicas como cursos e xornadas.

5.7. Avaliación das actividades de formación

Realizouse avaliación na gran maioría das actividades (80,5 %). Concretaremos nos apartados seguintes as respostas a quen e que se avaliou.

5.7.1. Aspectos avaliados na formación

O reparto de porcentaxes entre as diversas alternativas indica que se someteron a avaliación diversos aspectos, aínda que non sempre foron todos atendidos. Incluso se temos en conta que as porcentaxes máis altas están en valores próximos á metade, podemos interpretar que a avaliación realizada poido ser máis “espontánea” e non tan específica e formal como a que nós tratamos de constatar (Figura 12).

O elemento que máis se someteu a avaliación foi o contido da actividade formativa (51,9 %). Tamén foron avaliados: o profesorado que impartía a actividade (41 %), os obxectivos propostos (40,1 %), os resultados acadados (35,7 %) e a metodoloxía empregada (35 %).

Tamén se avaliaron, aínda que en menor medida, os recursos empregados (27,9 %), a participación do profesorado (20,3 %) e a avaliación proposta na propia actividade (16,9 %).


Figura 12. Aspectos avaliados na formación

ASPECTOS	n	%
O profesorado que impartía a actividade	287	41.0
A metodoloxía empregada	245	35.0
Os recursos utilizados	195	27.9
A participación do profesorado	142	20.3
Os obxectivos propostos	281	40.1
Os contidos traballados	363	51.9
A avaliación proposta	118	16.9
Os resultados obtidos	257	36.7

5.7.2. Axentes avaliadores da formación

Respecto a quen realizou a avaliación, encontramos que en máis da metade dos casos foi o profesorado que impartía a actividade formativa o que asumiu esta responsabilidade. En relación co ítem anterior, -concretamente atendendo a que o aspecto máis avaliado foron os contidos-, podería pensarse que unha parte considerable da avaliación desenvolveuse a través da avaliación que realizaron os formadores dos coñecementos adquiridos polos participantes (Figura 13).

Figura 13. Axentes avaliadores da formación



Case nunha cuarta parte dos casos, a avaliación realizouse conxuntamente entre formador e formados. E nunha porcentaxe similar, indícase que foi o profesorado que se estaba formando o que avaliou a actividade.

5.8. Valoración do deseño das actividades de formación

As puntuacións medias obtidas neste bloque poden calificarse de altas o que nos está indicando que o profesorado valora positivamente os aspectos referidos ó deseño das actividades formativas (Figura 14).

Destaca coa puntuación máis alta o ítem no que se indicaba globalmente que as actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino estiveron ben organizadas ($x=2,82$). Consideran que tiveron unha duración axeitada ($x=2,75$). Parécenos especialmente importante resalta-la puntuación media obtida no ítem referido a valorar se responderon ás necesidades formativas dos participantes ($x=2,65$). Isto resulta significativo se temos en conta que non se empregou ningún mecanismo exhaustivo de detección de necesidades a través dun instrumento de aplicación masiva que permitira contar con datos da poboación para, a partir desta prospección, deseñar un plan coherente e fundamentado para a formación do profesorado en galego. O deseño das actividades formativas de galego -fundamentalmente os cursos de Iniciación, Perfeccionamento e Especialización- respondeu máis ben a unha lóxica disciplinar: neste caso pensouse nunha secuencia formativa na que se incrementara en profundidade e amplitude os diversos compoñentes lingüísticos (morfolóxicos, sintácticos, léxicos, semánticos...) que configuran a aprendizaxe dunha lingua.

Figura 14. Valoración do deseño das actividades de formación

VAR	ASPECTOS	N	Media	D.T.
191	Estiveron ben organizadas	880	2.82	0.67
192	Tiveron unha duración axeitada	888	2.75	0.69
193	Tiveron un horario idóneo	882	2.18	0.96
194	Responderon ás necesidades formativas dos participantes	884	2.65	0.70
195	Tivéronse en conta as actividades dos participantes cara ó galego	882	2.46	0.89
196	Adaptáronse ós coñecementos previos dos participantes	874	2.56	0.82

Tamén sinalan que en tales actividades de formación se tiveron en conta os coñecementos dos participantes ($x=2,56$) e incluso -aínda que en menor medida- que se tiveron en conta as actitudes dos participantes cara o galego ($x=2,46$).

O aspecto menos valorado é o referido a se o horario de formación foi o axeitado ($x=2,18$).

5.9. Valoración do desenvolvemento das actividades de formación

Novamente atopamos unhas puntuacións medias altas que temos que interpretar no sentido de que valoran positivamente o desenvolvemento das actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino (Figura 15).

O aspecto máis valorado é o referido a que as persoas que impartiron os cursos estaban ben preparadas ($x= 3,07$).

Maioritariamente afirman que se desenvolveron contidos de interese ($x= 2,82$) e que se cumpriron os obxectivos propostos ($x= 2,80$), dándose ademais unha adecuación entre obxectivos e contidos ($x=2,80$).

As puntuacións son algo inferiores ó referirse á metodoloxía empregada ($x= 2,72$) e ós materiais utilizados ($x= 2,60$).

Globalmente, entenden que estas actividades responderon as súas expectativas ($x= 2,67$).

Figura 15. Valoración do deseño das actividades de formación

VAR	ASPECTOS	N	Media	D.T.
197	As persoas que impartiron estaban ben preparadas	891	3.07	0.63
198	Cumpríronse os obxectivos propostos	889	2.80	0.65
199	Desenvolvéronse contidos de interese	887	2.82	0.68
200	Había unha adecuación entre obxectivos e contidos tratados	884	2.80	0.65
201	Empregouse unha metodoloxía axeitada	888	2,72	0.72
202	Utilizáronse materiais útiles	873	2.60	0.76
203	Responderon as súas expectativas	888	2.67	0.75

5.10. Valoración do impacto/resultados das actividades de formación

Atopamos puntuacións medias non moi altas o que nos leva a concluir que non se encontran moi satisfecitos sobre o impacto/resultados das actividades de formación en lingua e cultura galegas e sobre o galego no ensino (Figura 16).

A puntuación máis alta é a referida a que tales actividades motivaron unha actitude positiva cara o ensino en galego ($x= 2,71$) sensibilizando ó profesorado cara a situación lingüística galega ($x= 2,62$). A valoración descende cuando se lles pregunta se propiciaron a súa actualización lingüística sobre o galego ($x= 2,65$) e a súa actualización cultural ($x= 2,54$).

Estas actividades contribuíron en menor medida a súa formación didáctica para ensinar en galego ($x= 2,55$) ou a mellorar a súa capacitación para utilizar esta lingua no seu ensino ($x= 2,55$).

Asemada, estos resultados veñen ratificados na valoración que acada o ítem referido a que lle proporcionaron recursos útiles para ensinar en galego ($x= 2,43$).

Finalmente, estas actividades non conseguiron favorecer o seu coñecemento das implicacións socioeducativas do ensino en galego ($x= 2,41$).

Figura 16. Valoración do impacto/resultados das actividades de formación

VAR	ASPECTOS	N	Media	D.T.
204	Motivaron actitudes positivas cara ó ensino en galego	891	2.71	0.80
205	Sensibilizárono cara o coñecemento da situación lingüística galega	889	2.62	0.80
206	Potenciaron a súa actualización cultural	888	2.54	0.80
207	Propiciaron a súa actualización lingüística respecto ó galego	887	2.65	0.76
208	Contribuiron a súa formación didáctica respecto ó ensino en galego	887	2.55	0.79
209	Proporcionáronlle recursos útiles para ensinar en galego	888	2.43	0.80
210	Melloraron a súa capacitación para ensinar en galego	888	2.55	0.80
211	Favoreceron o coñecemento das implicacións socioeducativas do ensino en galego	879	2.41	0.80

5.11. Valoración do aprendido nas actividades de formación

A valoración da formación recibida en determinados temas e contidos é moi desigual. Isto permítenos detecta-los puntos débiles e incluso as deficiencias e ausencias formativas que terán que contemplarse en próximos deseños de formación (Figura 18).

Efectivamente, a formación recibida centrouse naquelas temáticas que alcanzaron unha maior puntuación media: Vocabulario ($x= 2,70$), expresión escrita, morfosintaxe e ortografía ($x= 2,60$), comprensión escrita ($x= 2,51$), expresión oral ($x= 2,43$), lectura ($x= 2,39$), comprensión oral ($x= 2,37$) e fonética ($x= 2,27$). É dicir, nas actividades formativas traballáronse fundamentalmente as competencias lingüísticas básicas.

Tamén alcanzou unha puntuación media alta a formación respecto á normativa do ensino en galego ($x= 2,44$).

As puntuacións medias máis baixas son tódalas referidas a aspectos socioculturais e didácticos. Concretamente, a formación foi máis deficitaria nos seguintes ámbitos: programas de inmersión lingüística ($x= 1,82$), estratexias para introduci-la segunda_ lingua ($x= 1,83$), linguaxe técnica e científica da área específica ($x= 1,88$), lingüística textual e análise do discurso ($x= 1,90$), modelos de ensino bilingüe ($x= 1,93$), análise socioeducativa do ensino en galego ($x= 2,00$), elaboración de material didáctico para o ensino en galego ($x= 2,01$), planificación da normalización lingüística a nivel de centro ($x= 2,04$), antropoloxía de Galicia ($x= 2,05$) e literatura infantil e xuvenil ($x= 2,08$).

Figura 17. Valoración do aprendido nas actividades de formación

VAR	ASPECTOS DE MELLORA DA FORMACIÓN	N	Media	D.T.
212	Na comprensión oral	890	2.37	0.84
213	Na comprensión escrita	891	2.51	0.85
214	Na expresión oral	889	2.43	0.81
215	Na expresión escrita	890	2.60	0.81
216	Na lectura	889	2,39	0.88
217	No vocabulario	891	2.70	0.80
218	Na morfosintaxe	885	2.60	0.83
219	Na ortografía	892	2.60	0.82
220	Na fonética	884	2.27	0.85
221	No comentario de rextro	889	2.10	0.83
222	Nos xéneros literarios	883	2.10	0.84
223	No contexto sociolingüístico e cultural	885	2.27	0.80
224	Na literatura infantil e xuvenil	881	2.08	0.85
225	Na lingüística textual e análise do discurso	872	1.90	0.81
226	Na cultura tradicional	883	2.24	0.85
227	Na historia de Galicia	889	2.18	0.85
228	Na xeografía de Galicia	885	2.15	0.85
229	Na antroploxía de Galicia	876	2.05	0.86
230	No ensino en galego	885	2.44	0.90
231	Nos modelos de ensino bilingüe	883	1.93	0.84
232	Nas estratexias para introduci-la 2ª lingua	887	1.83	0.85
233	Nos programas de inmersión lingüística	877	1.82	0.83
234	Na análise socioeducativa do ensino en galego	882	2.00	0.83
235	Na planificación da noralización lingüística a nivel de centro	881	2.04	0.87
236	Na elaboración de material didáctico para o ensino en galego	883	2.01	0.85
237	Na linguaxe técnica e científica da área específica	876	1.88	0.85

5.12. Razóns para non participar en actividades de formación

O ítem máis valorado e, polo tanto, a razón máis importante para non participar nas actividades de formación foi a de considerar que a oferta formativa é pouco diversificada ($x=2,24$) (Figura 18).

Ademáis a participación nas actividades de formación reduce o tempo libre ($x=2,07$) e pode ocasionar problemas de desprazamento ($x=1,94$). Outras das razóns apuntadas é a valoración de que non están ben organizadas ($x=1,82$). Esta resposta contrasta con outros ítems anteriores nos que os resultados indican unha valoración considerable do deseño das actividades de formación.

Nalgúns casos non tiveron información das súas características ($x= 1,76$). Tamén argumentan que non responderon as súas necesidades de formación (1,77) ou que ás que asistiu non foron proveitosas ($x= 1,60$).

Para algúns a razón é a de que non foi admitido cando o solicitou ($x= 1,63$).

Figura 18. Razóns para non participar en actividades de formación

VAR	RAZÓNS	N	Media	D.T.
238	Non ser admitido ó xolocialo	1220	1.68	1.04
239	Reducirse o meu tempo libre	1229	2.07	1.09
240	Parecéenme innecesarias paras os que non somos profesionais de galego	1168	1.28	0.66
241	Causarme problemas de desprazamento	1229	1.94	1.08
242	Non verlles utilidade	1215	1.42	0.73
243	Non responderen ás miñas necesidades de formación	1218	1.77	0.97
244	Non seren proveitosas ás que asistín	1218	1.60	0.83
245	Non organizarse de maneira axeitada	1216	1.82	0.91
246	Non ter información sobre as súas características	1211	1.76	0.90
247	Ser unha oferta formativa pouco diversificada	1217	2.24	1.03

6. COMENTARIOS FINAIS

Na década dos noventa a metade do profesorado realizou de 1 a 5 actividades de formación fronte ó 32% que non participou en ningunha.

As tres cuartas partes das actividades de formación estiveron totalmente subvencionadas.

Algo máis da metade das actividades de formación estiveron organizadas polos Centros de Formación e Recursos. Tamén os Gabinetes de Normalización Lingüística teñen desenvolvido unha actuación decisiva. A Universidade é a terceira institución en asumir estas responsabilidades formativas. En consonancia coas institucións organizadoras, os asesores e formadores foron na súa maioría das citadas institucións.

Na súa gran maioría as actividades formativas desenvolvéronse fóra do horario de dedicación ó centro, unha vez finalizada a actividade lectiva académica.

A metade das actividades tiveron lugar nas capitais de provincia.

A responsabilidade da avaliación das actividades de formación recaeu, maioritariamente, sobre o profesorado que impartía a actividade e realizouse sobre os contidos impartidos. As porcentaxes acadadas reflicten globalmente que as actividades de formación estiveron ben organizadas, tiveron unha duración axeitada e responderon ás necesidades formativas dos

participantes, tendo en conta os seus coñecementos e as súas actitudes. As persoas que impartían os cursos estaban ben preparadas, desenvolvéronse contidos de interese e cumpríronse os obxectivos propostos (soamente acadá unha puntuación algo inferior a valoración da metodoloxía e dos recursos utilizados). Ademais, entre o impacto de tales actividades cómpre sulñar que motivaron unha actitude positiva cara ó ensino, sensibilizando ó profesorado sobre a situación lingüística galega e contribuíndo a súa formación didáctica para ensinar en galego.

As actividades formativas abordaron fundamentalmente as competencias lingüísticas básicas. As puntuacións medias máis baixas, é dicir, os aspectos menos traballados na formación ofertada foron os referidos a aspectos socioculturais e didácticos. Concretamente, percíbese un déficit de formación respecto a:

- programas de inmersión lingüística,
- estratexias para introduci-la 2ª lingua,
- linguaxe técnica e científica da área específica,
- lingüística textual e análise do discurso,
- modelos de ensino bilingüe,
- análise sócioeducativa do ensino en galego,
- elaboración de material didáctico para o ensino en galego,
- planificación da normalización lingüística a nivel de centro,
- antropoloxía de Galicia,
- literatura infantil e xuvenil.

A razón fundamental para non participar nas actividades de formación foi considerar que se trataba dunha oferta formativa pouco diversificada. Este é un aspecto que recomenda “repensar a formación que se está ofrecendo, desde onde e para que”.

7. BIBLIOGRAFIA

- ARZA, N.; CAMPOS, A.; VEIGA, D. e RUBAL, X. (1990):** “A situación do proceso de normalización lingüística na ensino”. En J.A. Caride (Ed.): *A Educación en Galicia. Informe 0. Problemas e perspectivas*. Santiago, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 95-142.
- BOUZADA, X. e LORENZO, A.M. (1997):** *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura.
- BOUZADA, X., FERNÁNDEZ PAZ, A. e LORENZO, A.M. (2002):** *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Educación. Vol II. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- CABRERA, F. (2000):** *Evaluación de la formación*. Madrid, Síntesis.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ NEIRA, M.A. (1994):** *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ NEIRA, M.A. (1995):** *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ NEIRA, M.A. (1996):** *Actitudes Lingüísticas en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.

- GONZÁLEZ SANMAMED, M. (1986):** *La formación en servicio del profesorado de EGB: Marco teórico y análisis descriptivo en la provincia de Orense*. Tesis de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ SANMAMED, M. (1996):** "A formación continuada como proceso de desenrolo profesional", en *Actas das Xornadas sobre Profesionalización e Deontoloxía da Función Docente*, Santiago de Compostela, Consello Escolar de Galicia, pp.117-140.
- GONZÁLEZ SANMAMED, M. e FUENTES ABELEDO, E. (1990):** "A formación en exercicio do profesorado de EXB". En J.A. Caride (Ed.): *A Educación en Galicia. Informe 0. Problemas e perspectivas*. Santiago, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 421-455.
- IMBERNÓN, F. (1990):** "Planificar la formación permanente del profesorado. Etapa de diagnóstico y diseño". En *I Congreso Interuniversitario de Organización Escolar*, Barcelona, pp. 346-349.
- JIMÉNEZ, B. (ED.) (1999):** *Evaluación de programas, centros y profesores*. Madrid, Síntesis.
- MATEO, J. (2000):** *La evaluación educativa: su práctica y sus metáforas*. Barcelona, ICE- Horsori.
- MONTEAGUDO, H. e BOUZADA, X. (2002):** *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Política lingüística: análise e perspectivas*. Vol I. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- MONTEAGUDO, H. e BOUZADA, X. (2002):** *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Elaboración e difusión da lingua*. Vol III. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- RUBAL, X.; GONZÁLEZ SANMAMED, M. e PALACIO, A. (1995):** "The training in Galician language for primary and secondary teachers". En Dekkers, A. (Coord.): *Teacher Training of Minority Languages for primary and secondary education*. Leeuwarden, Fryske Akademy, pp. 711-747.
- RUBAL, X. e RODRÍGUEZ NEIRA, M.A. (1987):** *O galego no ensino público non universitario*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- RUBAL, X., VEIGA, D. e ARZA, N. (1992):** *A lingua do alumnado e do profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- VILLA, A. (1996)(Ed.):** *Evaluación de experiencias y tendencias en la formación del profesorado*. Bilbao, ICE-Universidad de Deusto.
- VILLARANGULO, L.M. (1996) (Coord.):** *La formación permanente del profesorado en el nuevo sistema educativo de España*. Barcelona, Oikos-Tau.